

Tarefas de Historia 2º da ESO para facer na semana do 4 ao 8 de maio

Ola alumnos, Que tal están saer esas primeiras saídas por aí? Estaba todo no seu sitio? Fóchedes responsables? Lembrádevos o que din os Tonechos: Hai que ser legais!!!

Bueno, estanme a chegar correos vosos dicindo se as actividades tédesmas que mandar. NON é necesario. A miña idea é que alá por xuño xa nos poidan deixar movernos algo máis. Así que un día pediría aos vosos pais que se achegaran ao centro coas libretas e eu botareilles un ollo. E se aínda non se pode, xa pensarei algo para poder poñervos unha calificación que sea xusta (esa palabra que tanto se escoita nos instis en época de avaliacións) e que valore -non podería ser doutro xeito- as circunstancias tan dramáticas e excepcionais que estamos a vivir. Iso non quita que, faltaría máis, todas aqueles que me queirades mandar as actividades, eu volas correxirei. Ou se tedes algunha dúbida de calquera cousa que vos xurda, pois para iso estou aquí, dende logo!

Mirade, o importante é que estedes a traballar algo (falo da miña asinatura, evidentemente) e que as tarefas que vos estou a mandar, vos sirvan para aprender algo de Historia e, por outra banda, que non perdades de ter unha mínima rutina de traballo (xa sei, xa sei, que algúns ata a última semana non van facer nada: MALLLLLLL) En canto as calificacións, como xa dixen máis arriba podedes estar tranquilos. Eu teño moi claro que a miña asinatura vádela superar a gran maioría de todas vós con que estedes a traballar esas actividades que vos mando semanalmente.

E pouco máis podo dicir ao respecto. Eu apelo á vosa responsabilidade: non estou nas vosas casas para observar o que facedes ou deixades de facer. Entre outras cousas, porque me gusta confiar nas persoas e nunca tiven maior interese en fiscalizar ou vixilar o que fan as persoas. Para iso tería escollido outro tipo de profesión. Por riba de todo, pretendo que aprendades a ser persoas con uns valores que vos fagan crecer, madurar. E para iso, que mellor momento que aproveitar esta situación e que sexades vós os que, chegado o momento, saberedes se, o que fixéchedes ao longo destes meses de confinamento merece ter como resultado dicir: “penso que aproveitei o tempo e merezo ter superada a materia de Historia”. Parécevos correcto? Non vos queda outra, eu son o “Lidel Supremo”.

Bueno, resoltas (espero) estas cuestións de loxística evaluativa, voltamos ao interesante: A Idade Media. Esta semana comezamos un tema novo, o 8: A cultura e a arte do Gótico.

Ben, do mesmo xeito que no tema 5 estudamos a cultura e a arte románica, máis feudal, máis rural, máis ultrarelixiosa e pechada. Agora imos aprender sobre unha cultura que é máis urbana, máis libre, máis próxima a un modo de entender o aprendizaxe dun xeito razoado, pensante. Entre outras cousas, xurden as primeiras universidades, o saber deixa de ser patrimonio exclusivo da Igrexa.

Entón, imos facer así:

- Copiamos o título do tema e a introducción ao mesmo. Así como o mapa que leva por título “Universidades, catedrais e expansión do Gótico”
- Facemos as actividades da 1 á 4 da páxina 155 (a 5 non é necesaria).
- Agora imos á páxina 167 e facemos a actividade número 1 sobre as órdenes mendicantes.

E iso é todo por esta semana, queridos alumnos. Desculpade polo “ladrillo” que vos mandei n a introducción pero penso que era importante aclarar certas cuestións. Desfrutade da “desescalada”, eu tamén o farei. E sobre todo, apreciade a vida! Con cousas pequenas pódese ser feliz: un pequeno chalet, un pequeno coche deportivo, un pequeno iate... (Groucho Marx)